



1.3.- Evolución demográfica

■ A negativa evolución demográfica galega mantén no último ano a mesma tendencia que exercicios anteriores, incidindo no despoboamento, o avellentamento e a cada vez menor capacidade de recuperación demográfica en Galicia.

A 1 de xaneiro de 2014, Galicia tiña 2.747.226 residentes, o que representa o 5,91% da poboación española, un descenso en 7.997 persoas na poboación empadroada en Galicia no primeiro semestre do ano 2014, que foi resultado tanto da existencia dun saldo negativo dos movementos migratorios (-1.859) como do crecemento vexetativo negativo, con 6.138 defuncións máis que nacementos.

Dende o ano 2011, a poboación residente en Galicia descendeu en máis de 26.000 persoas, o que supón unha perda do 0,9% do total de poboación, mentres que no conxunto do Estado esta perda é do 0,3%. Por outra banda, a poboación maior de 65 anos pasa de representar o 30% do total no ano 2008 ao 32% no ano 2014, fronte

ao 18% de media no Estado. Así mesmo a poboación con idade entre 15 e 39 anos pasa de ser o 33% do total no ano 2008 ata o 29% no 2014, fronte ao 32% de media en España. Esta negativa evolución demográfica en Galicia intensifícase coa crise económica, cunha redución do número de nacementos e un aumento das saídas cara ao exterior da poboación, en especial aquela que está na franxa de idade de ter fillos.

Estrutura da poboación

A partir do ano 2010, a poboación empadroada en Galicia cae ano a ano, acelerando a súa caída, ata acadar as 2.747.226 persoas no ano 2014, o que supón un 0,3% menos que no ano 2008 e un 0,5% menos que no ano 2013 (**cadro 1.3.1.**).

Catro Comunidades Autónomas perden poboación no período 2008-2014, sendo Galicia a cuarta en termos porcentuais e a terceira en perda absoluta de poboación, con 7.542 empadroados menos. Fronte á

perda de poboación en Galicia, no conxunto do Estado prodúcese un incremento en torno ao 2% no período 08/14, polo que se observa unha progresiva perda de peso da poboación galega no total (6% no 2008, 5,9% no 2014). Ampliando o período de análise, Galicia en 1990 representaba o 11% da poboación española. A crise económica favorece a moderación nas reducidas chegadas de inmigrantes a Galicia, así como o aumento das saídas tanto de estranxeiros como de galegos.

No último ano a caída de poboación afecta tanto a homes como a mulleres e ás catro provincias galegas, con perdas de case 5.200 habitantes na provincia de A Coruña, en torno aos 3.600 habitantes menos en Ourense e 3.000 menos en Pontevedra e Lugo.

Historicamente, as perdas de poboación en Galicia concentrábanse nas provincias de Lugo e Ourense, que eran compensadas polos incrementos poboacionais das provincias de A Coruña e Pontevedra. Sen embargo, tal como se observa no **gráfico 1.3.2.**, ata o ano 2010 en Galicia (2011 en Pontevedra e A Coruña) mantéñense niveis de crecemento reducidos da poboación que, a partir de ese ano, pasan a ser negativos.

Polo tanto, a dinámica de decrecemento poboacional en Galicia nos últimos anos non é homoxénea en termos xeográficos, observándose contrastes salientables non só entre as provincias occidentais e as do interior, senón tamén a nivel comarcal e municipal. Dunha banda, as provincias de Pontevedra e A Coruña presentan un aumento da poboación empadroada entre 2008 e 2014, fronte ao acusado descenso en Ourense e Lugo, con caídas superiores a once mil e dez mil persoas, respectivamente. Non obstante, se o período que se considera é 2013/2014, os datos amosan un descenso na poboación nas catro provincias

	1 de xaneiro	
	Total	Homes
Andalucía	8.393.159	4.156.114
Aragón	1.338.308	665.667
Asturias	1.067.802	511.932
Baleares	1.110.115	556.558
Canarias	2.105.232	1.049.616
Cantabria	590.037	288.734
Castela e León	2.518.528	1.247.634
Castela-A Mancha	2.094.391	1.055.770
Cataluña	7.480.921	3.684.886
C. Valenciana	4.987.017	2.472.023
Extremadura	1.100.968	547.833
Galicia	2.761.970	1.335.964
A Coruña	1.138.494	548.031
Lugo	344.845	167.629
Ourense	325.389	157.223
Pontevedra	953.241	463.081
Madrid	6.414.709	3.086.686
Murcia	1.461.987	735.550
Navarra	638.949	317.845
País Vasco	2.177.006	1.059.971
A Ríoxa	318.639	158.540
Ceuta	84.534	43.323
Melilla	83.619	43.113
Total	46.727.890	23.017.758
Galicia / España (%)	5,91	5,80

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Cifras de poboación*

1.3.1.

galegas, máis acusado en valores absolutos na provincia de A Coruña.

En consonancia, o **cadro 1.3.3.** amosa como no ano 2014, ao igual que en 2013, o descenso da poboación galega prodúcese tanto nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na provincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) como na Galicia interior. No ano 2013, a Galicia occidental-costa presenta, por primeira vez, un descenso no número de persoas empadroadas.






Poboación de dereito nas CC.AA. 2013-14 ⁽¹⁾

de 2013		Poboación a 1 de xaneiro				14/13		
Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
4.237.045	95,8	8.388.875	4.150.474	4.238.401	95,8	-4.284	-5.640	1.356
672.641	28,0	1.331.301	661.103	670.198	27,9	-7.007	-4.564	-2.443
555.870	100,7	1.058.975	507.151	551.824	99,9	-8.827	-4.781	-4.046
553.557	222,4	1.115.841	558.631	557.211	223,5	5.726	2.073	3.654
1.055.617	282,7	2.114.845	1.053.149	1.061.695	284,0	9.613	3.533	6.078
301.303	110,9	587.682	287.479	300.203	110,4	-2.355	-1.255	-1.100
1.270.894	26,7	2.495.689	1.235.495	1.260.194	26,5	-22.839	-12.139	-10.700
1.038.621	26,4	2.075.197	1.044.756	1.030.441	26,1	-19.194	-11.014	-8.180
3.796.035	233,0	7.416.237	3.641.654	3.774.584	230,9	-64.684	-43.232	-21.451
2.514.994	214,4	4.956.427	2.452.723	2.503.704	213,1	-30.590	-19.300	-11.290
553.135	26,4	1.096.421	545.452	550.969	26,3	-4.547	-2.381	-2.166
1.426.006	93,4	2.747.226	1.328.373	1.418.853	92,9	-14.744	-7.591	-7.153
590.463	143,2	1.133.330	545.343	587.987	142,5	-5.164	-2.688	-2.476
177.217	47,4	341.822	166.048	175.774	47,0	-3.023	-1.581	-1.443
168.166	33,0	321.801	155.401	166.400	32,7	-3.588	-1.822	-1.766
490.160	212,1	950.273	461.581	488.692	211,4	-2.968	-1.500	-1.468
3.328.023	792,1	6.378.297	3.065.576	3.312.721	787,6	-36.412	-21.110	-15.302
726.437	129,2	1.461.803	734.055	727.749	129,2	-184	-1.495	1.312
321.104	61,5	636.450	315.935	320.515	61,3	-2.499	-1.910	-589
1.117.035	300,9	2.167.166	1.053.089	1.114.077	299,5	-9.840	-6.882	-2.958
160.099	63,2	315.223	156.245	158.979	62,5	-3.416	-2.295	-1.120
41.211	4.449,2	84.674	43.259	41.415	4.456,5	140	-64	204
40.506	6.432,2	83.870	42.864	41.006	6.451,5	251	-249	500
23.710.132	92,3	46.512.199	22.877.461	23.634.738	91,9	-215.691	-140.297	-75.394
6,01		5,91	5,81	6,00				

Evolución demográfica 1998-2014 ⁽¹⁾: distribución provincial



(1) 1998=100

Fonte: INE e Aldrey Vázquez, José A. (2014) *Galicia, ¿un país sen xente nova?: tendencias demográficas actuais e futuras*

1.3.2.



Poboación residente 2002-14 ⁽¹⁾: distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos


	2002	2008	2013	2014	Poboación 2014 ⁽²⁾		
					Menores 16 (% sobre poboación)	De 16 a 64 (% sobre poboación)	65 e máis
Total	2.696.818	2.754.768	2.761.970	2.747.226	12,6	63,8	23,6
A Coruña	1.096.079	1.128.599	1.138.494	1.133.330	12,8	64,3	22,9
Lugo	357.303	352.633	344.845	341.822	10,4	61,2	28,4
Ourense	338.166	332.808	325.389	321.801	10,4	59,6	30,0
Pontevedra	905.270	940.727	953.241	950.273	14,0	65,5	20,5
Galicia occidental costa	1.889.550	1.955.170	1.977.828	1.970.680	13,4	65,0	21,6
Galicia interior	807.268	799.598	784.142	776.546	10,6	60,6	28,8
Sete grandes cidades	956.361	971.769	980.010	976.614	13,4	65,2	21,4
Vigo	280.703	287.922	289.069	288.046	14,0	66,0	20,0
A Coruña	236.420	240.765	242.283	241.135	12,7	64,3	23,0
Ourense	107.526	104.830	105.080	104.447	12,8	63,4	23,7
Lugo	88.459	93.924	97.311	97.133	13,8	65,9	20,3
Santiago de Compostela	90.231	93.140	95.937	96.089	13,4	66,8	19,9
Pontevedra	75.077	77.648	80.200	80.505	15,2	66,4	18,5
Ferrol	77.945	73.540	70.130	69.259	11,8	62,5	25,7
Concellos segundo tamaño							
> 10.000 hab.	1.783.621	1.863.510	1.918.073	1.891.841	13,9	65,5	20,6
5.000 a 9.999 hab.	427.792	427.903	383.720	402.292	12,0	62,7	25,3
1.500 a 4.999 hab.	437.793	402.873	391.765	377.017	8,3	58,0	33,7
< 1.500 hab.	47.604	60.484	68.409	76.077	5,8	53,9	40,4

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano


(2) datos do padrón

Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.3.



Poboación residente na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2004-14 ⁽¹⁾




(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.4.



Poboación residente 2002, 2008, 2013 e 2014 (1): distribución segundo tamaño dos concellos



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: IGE, Cifras de poboación

1.3.5.

O 35,5% da poboación galega atópase concentrada nas sete grandes cidades. A poboación total destas urbes descende novamente no ano 2014 con respecto ao ano anterior, se ben entre os anos 2008 e 2014 a súa poboación medra en conxunto en case 4.900 persoas. No último ano só as cidades de Pontevedra e Santiago de Compostela incrementan levemente a súa poboación, con 305 e 152 habitantes máis, respectivamente, fronte ás perdas de máis de mil habitantes das cidades de Vigo ou A Coruña. Dende o ano 2008, o incremento poboacional máis significativo entre estas sete cidades corresponde a Lugo, cunha medra do 3,4% (3.209 persoas máis), por diante de Santiago de Compostela, cun 3,2% (2.949 habitantes) e Pontevedra, cun 3,7% (2.857 persoas). No extremo oposto sitúase Ferrol, que experimenta unha perda de poboación de case 4.300 persoas, o que significa o 5,8% menos de poboación.

Atendendo ao tamaño dos concellos, no conxunto dos 56 municipios galegos que a 1 de xaneiro de 2014 contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes residen 1.891.841 persoas, o que supón o 68,9% do total da poboación

de Galicia. No período 2008–14, os concellos que neses anos contaban con máis de 10.000 habitantes presentaron unha medra de 28.000 persoas, pasando o seu peso relativo dende o 67,6% ata o devandito 68,9% de 2014 (66,1% no ano 2002). Sen embargo, estes concellos, no ano 2014, en relación ao ano anterior, perden máis de 26.000 habitantes.

Os datos do **cadro 1.3.5.** reflicten o descenso poboacional nos concellos cun tamaño entre 1.500 e 4.999 habitantes, fronte á recuperación de poboación que no último ano experimentan os concellos entre 5.000 e 9.999 habitantes e os de menos de 1.500 habitantes. Os concellos de 1.500 a 4.999 habitantes perden 14.800 veciños no último ano, un 3,8% da súa poboación total. Por contra, os concellos entre 5.000 e 9.999 habitantes incrementan a súa poboación en 18.500 persoas, un 4,8% máis de poboación.

O incremento máis significativo en termos porcentuais é o experimentado pola poboación dos concellos de menos de 1.500 habitantes, que incrementan a súa poboación un 11,2% no último ano, 7.700 persoas empa-



droadas máis. No período 2008-2014 estes concellos incrementan a súa poboación en máis de 15.500 persoas, acollendo, os 69 concellos galegos que en 2014 tiñan menos de 1.500 residentes empadroados, o 2,8% da poboación galega.

A desagregación provincial da análise dos datos do tamaño dos concellos reflicte non só a redución, nas catro provincias galegas agás Lugo, da poboación empadroada en concellos de máis de dez mil habitantes, senón tamén a elevada concentración da poboación pontevedresa nestes concellos. A un de xaneiro de 2014, estes concellos acollen o 82,2 % da poboación empadroada na provincia, porcentaxe moi superior á que presentan Lugo e Ourense, co 50,2% e 52,8%, respectivamente.

Asemade, cómpre salientar o elevado peso relativo que na provincia de Ourense ten a poboación residente en concellos con menos de 2.000 habitantes. En Ourense no ano 2014 existen 62 concellos con menos de 2.000 habitantes, que acollen ao 23,3% da poboación da provincia, un 2,6% máis que no ano anterior. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, o 40% da poboación de Ourense e o 37% da de Lugo está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 16% en Galicia e tan só 12,6% no conxunto do Estado.

● Composición por idades

A evolución demográfica en Galicia, caracterizada por incrementos moito máis reducidos de poboación que na media do Estado, así como, a partir do ano 2011, por perdas de poboación, xunto a un saldo vexetativo marcadamente negativo, deriva nunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de persoas novas.

A idade media en Galicia no ano 2014 é de

45,7 anos, fronte aos 41,8 anos de media no conxunto do Estado, e tan só superada por Asturias (47,3 anos) e Castela e León (46,3 anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes en todas as Comunidades Autónomas, situándose en Galicia en 47,3 anos de media no caso das mulleres e 44,1 anos no dos homes (42,9 e 40,7 anos en España, respectivamente).

No que respecta á estrutura da poboación por idades, **cadro 1.3.7.**, un 11,9% da poboación residente en Galicia o un de xaneiro de 2014 é menor de 15 anos, un 29% ten unha idade comprendida entre os 15 e os 39 anos e un 35,5% ten entre 40 e 64 anos. O restante 23,5% da poboación estaría conformado por persoas maiores de 65 anos. Comparando con outras CC.AA., Galicia é a segunda, xunto con Asturias, por detrás de Castela e León, cunha maior porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre o total de poboación (terceira no caso da poboación maior de 85 anos, sendo o seu peso relativo do 3,8% da poboación total galega).


Dende principios do século XX, a poboación maior de 65 anos en Galicia medra ao mesmo ritmo que diminúe o número de residentes menores de 16 anos. Así, no ano 1900 a poboación menor de 16 anos representaba o 42% da poboación total, sendo os maiores de 65 o 6% da poboación; no ano 2014, a porcentaxe de poboación maior de 65 anos é do 24% e a de menores de 16 anos só do 13%.

En relación á perda de poboación nova en Galicia, os datos da evolución da poboación de 15 a 39 anos mostran (**cadro 1.3.8.**) como dende o ano 2008 a perda de poboación en Galicia concéntrase neste grupo de idade, con case 125 mil habitantes menos. O saldo vexetativo negativo e as saídas de poboación minguan considerablemente o grupo de poboación con maiores taxas de fertilidade, o que contribúe a perpetuar o chamado “inverno demográfico” galego.





Porcentaxe da poboación menor de 16 anos. Galicia 2014



Fonte: Elaboración propia a partir de datos IGE

1.3.6.

Poboación residente nas CC.AA. 2014 ⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	Total	Grupos de idade				
		0-14	15-39	40-64 (%)	>65	>85
Andalucía	8.388.875	16,52	33,44	34,11	15,94	1,94
Aragón	1.331.301	14,23	30,07	35,05	20,65	3,62
Asturias	1.058.975	11,01	27,42	38,04	23,54	3,99
Baleares	1.115.841	15,47	34,76	34,82	14,95	1,99
Canarias	2.114.845	14,52	34,08	36,78	14,62	1,57
Cantabria	587.682	13,65	29,57	36,92	19,86	3,38
Castela e León	2.495.689	12,17	28,06	36,09	23,68	4,48
Castela-A Mancha	2.075.197	15,63	32,88	33,43	18,06	3,09
Cataluña	7.416.237	15,96	31,50	34,53	18,01	2,76
C. Valenciana	4.956.427	15,31	31,58	34,96	18,16	2,37
Extremadura	1.096.421	14,29	31,58	34,55	19,57	2,98
Galicia	2.747.226	11,96	29,00	35,49	23,55	3,77
Madrid	6.378.297	15,85	32,70	34,95	16,51	2,44
Murcia	1.461.803	17,67	34,49	32,93	14,90	1,93
Navarra	636.450	15,71	30,58	34,97	18,74	3,15
País Vasco	2.167.166	14,10	28,05	36,93	20,93	3,15
A Ríoxa	315.223	14,93	30,35	35,10	19,61	3,38
Ceuta	84.674	21,08	36,23	31,75	10,94	1,06
Melilla	83.870	23,60	36,23	30,36	9,81	1,13
Total	46.512.199	15,19	31,72	34,94	18,15	2,68

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, Cifras de población

1.3.7.



Poboación residente 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade


	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Total	2,754,768	2,767,474	2,772,457	2,773,415	2,771,916	2,761,970	2,747,226
0-14	315,099	318,593	322,245	325,245	327,926	329,029	328,472
15-39	920,907	909,193	891,455	871,412	849,659	823,893	796,646
40-64	923,304	935,066	945,572	953,116	961,380	970,808	975,092
>65	595,460	604,623	613,185	623,641	632,953	638,241	647,016

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: INE. *Cifras de población*

1.3.8.

Poboación residente 2004-14 ⁽¹⁾; distribución segundo grupos de idade



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano


Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.9.




Poboación residente en Galicia e España 2008-14 ⁽¹⁾: estrutura segundo grupos de idade

Galicia



España



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Cifras de poboación*

1.3.10.

Fronte á redución do grupo de idade entre 15 e 39 anos, a evolución dos restantes grupos de idade mostra taxas de variación positivas, sendo o incremento máis acusado, no citado período 2008-2014, o experimentados polo grupo de maiores de 65, cun 8,7%.


Do mesmo xeito, a perda de poboación sufrida por Galicia no último ano (14.744 habitantes menos) concéntrase na poboación entre 15 e 39 anos (27.247 persoas menos) e na poboación menor de 15 anos, con 557 persoas menos, o que contribúe a acentuar o xa moi elevado envellecemento da poboación galega.

Graficamente, o **cadro 1.3.10.** mostra o peso relativo da poboación maior de 85 anos, que representa en 2014 o 4% da poboación total, un punto porcentual máis que no ano 2008. A poboación maior de 65 anos representa en Galicia o 24% da poboación total, fronte ao 18% no conxunto do Estado.

A nivel provincial, destaca como a principios do século XX a provincia de Ourense era a provincia galega con menor porcentaxe de persoas maiores de 85 anos (5,04%) e maior porcentaxe de persoas menores de 16 anos (42,9%), pasando a ser no ano 2014 a que ten maior porcentaxe de persoas maiores de 85 anos (30%) e a porcentaxe máis reducida de menores de 16 anos



Poboación 1900-2014: distribución segundo provincia e grupos de idade



Fonte: INE e Aldrey Vázquez, José A. (2014) Galicia, ¿un país sen xente nova?: tendencias demográficas actuais e futuras

1.3.11.

(10,4%). Entre as causas desta negativa evolución están, sen dubida, os procesos de emigración acumulados nesta provincia (**cadro 1.3.11.**).

A análise da distribución da poboación por grandes grupos de idade e tamaño dos municipios amosa a devandita heteroxeneidade territorial. Dunha banda, mentres que no conxunto de Galicia a poboación que ten máis de 65 anos representa en torno ao 24% (menos do 20,6% nos concellos de máis de 10.000 habitantes), nos municipios máis pequenos máis do 40% da súa poboación ten máis de 65 anos, situándose esta porcentaxe no 33,7% nos concellos cunha poboación entre 1.500 e 4.999 empadroamentos. Nos concellos máis pequenos a poboación menor

de 16 anos sitúase case sete puntos porcentuais por baixo da rexistrada no conxunto de Galicia (5,8% e 12,6%, respectivamente). O 60% dos concellos galegos teñen menos dun 10% de poboación moza e só un 23% dos concellos galegos superan o 12,5% de poboación menor de 16 anos.

No período 1960-2013, 236 concellos galegos, o 75% do total, perden poboación, correspondendo o 25% restante ao eixo atlántico urbano, as dúas capitais provinciais orientais e algunhas vilas con dinámicas económicas propias. No dito período, o 41% dos municipios galegos diminúen máis do 50% da súa poboación, porcentaxe que ascende ata o 61% no caso da provincia de Lugo e ao 68% en Ourense.





Poboación estranxeira residente en Galicia e España 2014 ⁽¹⁾

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	94.326	47.919	46.406	2.747.226	1.328.372	1.418.853	3,4
A Coruña	33.660	16.366	17.293	1.133.330	545.342	587.987	3,0
Lugo	12.947	6.664	6.283	341.822	166.048	175.774	3,8
Ourense	13.868	7.137	6.731	321.801	155.401	166.400	4,3
Pontevedra	33.851	17.752	16.099	950.273	461.581	488.692	3,6
España	4.677.059	2.381.273	2.295.786	46.512.199	22.877.461	23.634.738	10,1
Galicia / España	2,0	2,0	2,0	5,9	5,8	6,0	
A Coruña / Galicia	35,7	34,2	37,3	41,3	41,1	41,4	
Lugo / Galicia	13,7	13,9	13,5	12,4	12,5	12,4	
Ourense / Galicia	14,7	14,9	14,5	11,7	11,7	11,7	
Pontevedra / Galicia	35,9	37,0	34,7	34,6	34,7	34,4	

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, Cifras de poboación

1.3.12.

Esta tendencia de concentración da poboación na franxa atlántica urbana parece acelerarse nos últimos anos. Así, no período 2000-2013, o 74% dos concellos galegos perden poboación. Neste período os territorios con peor comportamento son os localizados nas serras orientais, Dorsal Meridiana, as comarcas centro-occidentais coruñesas e a Costa da Morte, concentrándose o crecemento poboacional nas áreas periurbanas das principais cidades (Ames, Soutomaior, Porriño, Salceda de Caselas, Barbadás e San Cibrao das Viñas).

Como reflicte o devandito **cadro 1.3.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra e Vigo son as que presentan as maiores porcentaxes de persoas menores de 16 anos (15,2% e 14%, respectivamente). As menores porcentaxes no caso das persoas de 65 e máis anos corresponden novamente a Pontevedra e a Santiago de Compostela (18,5% e 19,9%, respectivamente). Por contra, na cidade de Ferrol so o 11,8% da poboación ten menos de dezaseis anos e case un 26% supera os 65 anos.

● Movementos migratorios


Ata comezos da década de 1980, os saldos migratorios en Galicia foron negativos. En

concreto a partir do ano 1983 as chegadas de inmigrantes a Galicia superaban as saídas. Esta situación mantense ata o ano 2012, a partir do que, ata a actualidade, rexístranse, novamente, saldos migratorios negativos na nosa Comunidade Autónoma.

A 1 de xaneiro de 2014 en Galicia residían un total de 94.326 estranxeiros, nove mil persoas menos que no ano anterior, un descenso do 8,8%, fronte á caída media no Estado do 7,8% (**cadro 1.3.12.**). A poboación estranxeira representa o 3,4% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 10,1% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal, situándose como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, por detrás de Extremadura (3,3%). Na Comunidade galega tan só reside o 2% dos estranxeiros residentes no Estado español.

En termos absolutos, as provincias de Pontevedra, con 33.851 persoas, e A Coruña, con 33.660, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Atendendo ao seu peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 4,3% da súa poboación total, seguida de



Saldo migratorio externo 2008-14 ⁽¹⁾

(1) os datos de 2014 son provisionais e corresponden ao 1º semestre
 Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.13.

Lugo co 3,8%. As provincias de Pontevedra e A Coruña, co 3,6% e 3% respectivamente, sitúanse tamén preto da media de Galicia.

O descenso de 14.744 persoas residentes en Galicia no ano 2014, en relación ao ano anterior, ven explicado non só polo descenso da poboación de nacionalidade española (5.692 persoas) senón fundamentalmente, pola caída do número de estranxeiros empadroados en Galicia (9.052 persoas). Este descenso apréciase nas catro provincias galegas, sendo máis acusado o que se produce na provincia de Pontevedra, con 1.546 estranxeiros menos, seguida de A Coruña con 1.474 menos.

No que respecta á nacionalidade de orixe dos estranxeiros residentes en Galicia, **cadro 1.3.14.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2014, o 44,1% procede do continente europeo e un 38,1%, do continente americano, dos que un 76% procederían de América do Sur. O 12,8% e o 4,9% restantes serían de nacionalidade africana e procedentes de Asia e Oceanía, respectivamente. Comparado coa situación no ano anterior, aumenta tres puntos porcentuais o peso relativo dos estranxeiros procedentes de Europa, des-

cendendo máis de dous puntos no caso do continente americano.

No ano 2014 aumenta en Galicia o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 121.223 persoas. Atendendo á súa distribución segundo continentes, o 64,6% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia, 53.464 residentes, ten a nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 46%, 29.551 persoas, no caso da Unión Europea (agás España).

No primeiro semestre de 2014 o saldo migratorio exterior mantense negativo, ao igual que no conxunto do ano anterior. Como se aprecia no **cadro 1.3.15.**, no primeiro semestre do ano tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países superan ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2014 un total de 4.196 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia, en tanto que 4.865 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega con



Poboación residente 2014 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e orixe

Lugar de nacemento	Poboación		
	Total	Nacionalidade española	non española
España	2.747.226	2.652.900	94.326
Resto UE	39.472	1.559	37.913
Resto Europa	2.138	105	2.033
África	12.093	1.397	10.696
América			
América do Norte	1.830	102	1.728
América Central e Caribe	6.807	165	6.642
América do Sur	27.310	526	26.784
Asia	4.508	541	3.967
Oceanía	135	1	134

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.14.

Movements migratorios con terceiros países 2013-14 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	2013			2014		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	8.414	12.300	-3.886	4.196	4.865	-669
Españóis	1.777	3.727	-1.950	900	1.874	-974
0-14	132	526	-394	83	244	-161
15-39	276	1.511	-1.235	151	853	-702
40-64	717	973	-256	353	471	-118
>65	652	716	-64	315	306	9
>85	39	65	-26	20	33	-13
Estranxeiros	6.637	8.573	-1.936	3.296	2.991	305
0-14	1.244	703	541	600	267	333
15-39	3.570	5.079	-1.509	1.757	1.788	-31
40-64	1.526	2.504	-978	811	830	-19
>65	297	288	9	127	106	21
>85	29	12	17	20	4	16

(1) os datos de 2014 son provisionais e corresponden ao 1º semestre

Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.15.

destino a outros países. Como resultado, o saldo migratorio negativo no primeiro semestre do ano sitúase en 669 persoas, cifra case tres veces inferior á rexistrada en todo o ano anterior (-1.804).

Segundo os datos de migracións exteriores do INE, o fluxo de entrada en Galicia no primeiro semestre de 2014 componse de 6.564 persoas de nacionalidade española e 4.196 de nacionalidade estranxeira. Doutra banda, das 4.865 persoas residentes en Galicia que marcharon cara a terceiros países no primeiro semestre do ano 2014, 2.530 tiñan nacionalidade española. Deste xeito, o

saldo migratorio negativo das persoas de nacionalidade española é de 1.162 e positivo en 493 persoas o saldo migratorio das persoas estranxeiras, fundamentalmente polo saldo positivo das persoas procedentes de Centroamérica e Caribe.

No que atinxe aos movementos entre comunidades autónomas, o saldo migratorio interautonómico para Galicia é negativo. Os datos provisionais correspondentes ao primeiro semestre de 2014 indican que este é de -1.190 cando no conxunto do ano anterior foi de -151 persoas. O rango de idades cun saldo migratorio interautonómico máis



Indicadores demográficos das CC.AA. 2014 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo
		exterior	interior	
Andalucía	8.388.875	1.657	-3.102	5.107
Aragón	1.331.301	-847	-136	-1.559
Asturias	1.058.975	-444	-801	-3.322
Baleares	1.115.841	1.319	3.599	981
Canarias	2.114.845	4.275	1.196	219
Cantabria	587.662	-284	-217	-786
Castela e León	2.495.689	-978	-4.198	-5.582
Castela-A Mancha	2.075.197	-2.754	-4.570	-682
Cataluña	7.416.237	-19.314	941	2.819
C. Valenciana	4.956.427	-6.953	-296	40
Extremadura	1.096.421	-513	-1.136	-1.185
Galicia	2.747.226	-669	-1.190	-6.138
Madrid	6.378.297	-18.865	7.577	9.601
Murcia	1.461.803	-1.243	675	2.563
Navarra	636.450	-836	215	195
País Vasco	2.167.166	-2.339	1.943	-727
A Rioxa	315.223	-760	-314	-87
Ceuta	84.674	-176	-214	335
Melilla	83.870	-704	30	489
Total	46.512.199	-50.426	0	2.280

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre
 Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.16.

negativo é o comprendido entre 20 e 40 anos (-1.061 persoas menos no primeiro semestre de 2014).

Como reflicte o **cadro 1.3.16.**, xunto ao saldo migratorio negativo Galicia presenta, ao igual que no ano 2013, o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA. A evolución conxunta dos movementos migratorios e do crecemento vexetativo perpetúan o inverno demográfico galego, agravado polos efectos demográficos da crise económica: menores nacementos, menos entradas de inmigrantes e máis saídas, en especial, de aquelas persoas en idade de ter fillos.

Movemento natural da poboación

A continua caída da taxa de natalidade, pese ao pequeno e feble ascenso na década dos 2000, na que non participan as provincias de Ourense e Lugo, e o incremento progresivo da idade media nunha sociedade moi envellecida, condicionan a existencia dun crecemento natural cada vez máis negativo

dende o ano 2008 (**cadro 1.3.17.**), agravado pola emigración de mozos en idade de ter fillos.

Na última década, o crecemento vexetativo mantívose sempre en valores negativos, rexistrándose no ano 2013 un total de 10.700 defuncións máis que nacementos, o que sitúa á comunidade galega como a que presenta o segundo saldo vexetativo negativo máis acusado, por detrás de Asturias (-5,69) e cun nivel semellante a Castela e León (-3,86). Os datos definitivos do ano 2013 reflicten un saldo negativo superior ao do ano anterior (-10.706 fronte a -9.782 do ano anterior), resultado dun descenso do 6,4% no número de nacementos e dun descenso do 1,4% no caso das defuncións.


A interdependencia entre natalidade e a xa mencionada estrutura poboacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 7,17 nacementos por cada 1.000 habitantes. Se a isto se lle xunta a existencia dunha taxa bruta de mortalidade superior a 11 falecidos por cada 1.000






Movemento natural da poboación 2003-13

Nacementos e defuncións



Taxas brutas de natalidade e mortalidade



Fonte: INE e IGE

1.3.17.

habitantes, pódese concluír a existencia en Galicia dun proceso de marcada recesión demográfica.

Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, a taxa de nacementos ten unha evolución positiva no período 2003-2008, acadando neste último ano o seu nivel máis elevado, con 8,5 nacementos por cada 1.000 habitantes. A partir do ano 2008 ata o ano 2013 a taxa de nacementos baixa case un punto, situándose en 2013 nun nivel similar ao do ano 2000. A taxa de mortalidade en Galicia ascende no ano 2013 ata as 11,05 defuncións por cada 1.000 habi-

tantes, o que supón a segunda taxa máis elevada de toda a serie considerada.

O número de persoas nadas de nai española no ano 2013 descende un 6% en relación ao ano anterior e un 14,2% dende o ano 2008, pasando de 21.381 a 18.335 nacementos no ano 2013. No caso dos nacementos de nai estranxeira, caen un 11,2% en relación ao ano anterior e un 22,4% dende o ano 2008, pasando de 1.794 no ano 2008 a 1.392 no último ano. □



